Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
28.10.2024

LUGAR: Sala de conferencias da Vicerreitoría do campus de Pontevedra – Casa das Campás
DATA: 28.10.2024

HORA DE COMEZO: 12:10
HORA DE REMATE: 14:00

LISTA DE ASISTENTES:
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
García Míguez, María de los Ángeles
Gómez Xunqueira, Demetrio
González Pérez, José Ignacio
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martiño Gómez, Antonio
Muleiro García, Avelino
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA:
Añel Cabanelas, María Elena
Fernández Zunzunegui, Emilio
Lima González, Estela
Martínez Alonso, David
Mollinedo Lois, Carlos
Novoa Rodríguez, María Sol

SECRETARIO:
Rodríguez Iglesias, Ignacio

Consello Social
Universidade de Vigo

O luns, 28 de outubro de 2024, ás 12:10 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.06.2024).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.

Propostas de aprobación e acordos da Comisión Executiva (reunión do 07.10.2024)

4. Presentación da enquisa de autoavaliación e desempeño do Consello Social. Configuración do novo cadro de asistencias.
5. Aprobación, se procede, da creación do Instituto de investigación Lingua na Universidade de Vigo. Proposta de designación dun representante do Consello Social.
6. Proposta de designación da representación do Consello Social no Campus Auga.
7. Proposta de designación de membros da Comisión Económica do Consello Social.
8. Proposta de aprobación da axuda do Consello Social a un programa da UVigo para discapacitados intelectuais.
9. Outros acordos. Axudas e calendario para novas titulación no curso 2026/2027.

Propostas con informe favorable, análise e acordos da Comisión Económica (reunión do 25.09 2024)

10. Análise da evolución da conta de ingresos e gastos da UVigo previa ao peche do exercicio. Informe sobre as medidas adoptadas para a contención do gasto.
11. Informe sobre as causas do descenso de licitacións da UVigo.
12. Informe sobre a evolución económica das sociedades participadas pola UVigo.
13. Proposta de aprobación da creación e participación da UVigo na Spin off GAL4TIC.
14. Outros acordos: Asignación de complementos a profesores. Convenios.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos (reunión do 29.07.2024)

15. Acordos adoptados. Axudas concedidas, patrocinios e prezos públicos da UVigo.
16. Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2025, e da dotación económica correspondente.
17. Ratificación e aprobación definitiva das Bolsas-colaboración concedidas á UVigo para o curso 2024/2025. Resolución delegada no presidente.
18. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo durante o mes de setembro de 2024.
19. Rogos e preguntas.

O presidente lembra que o Pleno volve a reunirse en Pontevedra dez meses despois da última vez. Agradece á vicerreitora do Campus de Pontevedra a acollida na Casa das Campás; aos presentes a súa asistencia; e a Lois Rodríguez a comparecencia para presentar e explicar o punto 4 de Orde do día.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (28.06.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa refire que a enquisa de autoavaliación do Consello Social, que hoxe se presenta foi posta en marcha o pasado mes de xullo, para dar cumprimento aos requisitos demandados pola Fundación Haz para mellorar a transparencia das universidades. Lembra que dunha parte se identificará e se individualizará a asistencia dos membros ás reunións. Doutra banda se farán públicas as conclusións da enquisa na que os membros do Consello Social expresan como valoran o funcionamento e o desempeño do Consello. Anticipa o bo resultado xeral acadado e a importancia de que remitirán respostas 29 dos 31 membros do Consello Social, o que reflicte "o elevado compromiso polo que debemos felicitarnos". del que debemos felicitarnos. Engade que tamén se recibiron suxestións, que serán analizadas e tidas en conta en aras de mellorar as percepcións dos conselleiros. Agradece finalmente a Lois Rodríguez a "implicación e o laborioso traballo" feito para desenvolver a enquisa, que se poderá consultar xa na web.

De seguido recoñece o presidente a labor "intensa" da Comisión Económica, vixiante para manter a UVigo na estabilidade orzamentaria, "en tempos nos que as universidades están a vivir tempos convulsos". Subliña a abundante documentación que se está a solicitar dos responsables económicos da UVigo e agradece que a Xerencia participe "activamente" en facilitar esta labor.

Agradece a Avelino Muleiro e a Xosé Manuel Atanes que teñan aceptado representar ao Consello Social no Instituto da Lingua e incorporarse á Comisión Económica, respectivamente. Respecto do Pleno anterior, salienta o agradecemento ao Grupo Valtalia por aceptar representar ao Consello Social no Campus Auga, tratándose dunha potencia industrial e tecnolóxica recoñecida como a maior empresa española de economía circular, a empresa europea con maior capacidade para reciclar plástico flexible, e un referente na xestión do ciclo integral da auga. Destaca que está dirixida por un enxeñeiro ourensán do Carballiño, ex-alumno da UVigo. "Creo que se trata da mellor aportación que poderiamos facer ao Campus e á UVigo en conxunto".

Tamén do Pleno anterior –ao que non puido asistir- recolle a importancia de que o reitor informe pleno a pleno sobre o proceso da titulación de Enfermaría, o que lle pide expresamente.

Entre a documentación remitida para o Pleno, cita o listado completo dos representantes do Consello Social noutros órganos; e a relación entre homes e mulleres que forman parte del e que está no maior nivel de equiparación da súa historia. Dá a benvida a José Ignacio González, que substitúe a Armando Ojea como representante do Concello de Ourense, e transmite o seu pesar polo pasamento de Gerardo Ramón Pérez Puga que era membro do Consello Social dende xuño de 2021, enviando as condolencia á familia.

Remata cunha recensión das declaracións do novo secretario xeral de Universidades do goberno central, Francisco García Pascual:

- "*...los grandes desafíos de los Consejos Sociales son dos: convertirse en el interlocutor orgánico de la sociedad, empresas, instituciones y organizaciones sociales, de cara a aportar demandas, necesidades, ideas y proyectos a la universidad: y ser realmente capaces de conseguir recursos económicos utilizados específicamente para nuevos proyectos, para innovar en la forma de organizarse y/o modernizar la oferta de estudios o innovar en la forma de transferir conocimiento al tejido productivo….*"

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa dá conta de varios asuntos, en síntese, do próximo encontro en Vigo da Sectorial de Profesorado da CRUE, que se reunirá No edificio Redeiras nun momento clave para o desenvolvemento da LOSU; do "agarimoso" acto no que se investiu á maxistrada María Emilia Casas como doutora Honoris Causa pola UVigo; e do proceso de remuda xeracional do cadro de persoal docente, e da convocatoria de prazas de profesorado antes de fin de ano para "ir quitando prazas" que axuden a que a Universidade avance no necesario proceso de remuda. Nesta liña, explicou que os acordos con 37 departamentos implicados permitirán sacar este ano 39 prazas de profesor axudante doutor, do total de 64 que temos concedidas, das cales o 60% son financiadas polo Estado e o 40% pola Xunta de Galicia, o que ademais da remuda xeracional, que se verá reforzada co Programa María Goyri, facilitará outro dos retos do equipo de goberno como é o re-equilibrio entre ámbitos. O reitor tamén incidiu na importancia de dotar aos departamentos de ferramentas, para o que se formularon os contratos-programa,

que sumados ao Programa María Goyri, permiten "falar dunha remuda global", para unha universidade "máis nova e equilibrada".

Finalmente, asume o reitor a información continua que se lle demanda sobre o proceso que se está a seguir para a implantación de Enfermaría, explicando as reunións con responsables da administración autonómica para seguir avanzando e os traballos para o convenio de desadscrición.

PUNTO 4

Presentación da enquisa de autoavaliación e desempeño do Consello Social. Configuración do novo cadro de asistencias.

Intervén Lois Rodríguez quen, tras presentar o novo formato co que se farán públicas as ausencias e asistencias ás diferentes convocatorias do Consello Social e salientar a posición destacada da UVigo no cumprimento dos indicadores de transparencia que mide a Fundación Haz, informa polo miúdo das principais conclusións da enquisa de autoavaliación, elaborada cos dous grandes obxectivos de executar un compromiso máis coa transparencia e analizar o funcionamento do Consello Social e as posibilidades de mellora. Revela que contestaron 29 dos 31 membros que compoñen o Consello Social, que no conxunto das 1.209 respostas recibidas tan só houbo 34 NS/NC, que o tempo medio para responder o cuestionario completo foi de 5 minutos e 40 segundos, e que se respectou o total anonimato.

Na presentación resume o nivel global de valoración de cada unha das cinco temáticas e de cada unha das 39 preguntas, cunha franxa de aceptación comprendida entre o 100% e o nivel máis baixo que recolle a opinión sobre a insuficiente presencia do Consello Social nos medios de comunicación.

A enquisa poderá consultarse na súa versión completa na web do Consello Social.

O presidente agradece de novo o traballo e as explicacións.

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da creación do Instituto de investigación Lingua na Universidade de Vigo. Proposta de designación dun representante do Consello Social.

Introducido polo presidente este punto, que chega ao Pleno co informe favorable da Comisión Executiva, e no que se propón a aprobación da creación do Instituto e a designación de Avelino Muleiro como representante do Consello Social, Juan José Santamaría pregunta o porqué e para que se designa representante do Consello Social en tal Instituto. O secretario informa que a representación está recollida na estrutura de goberno do Instituto, como membro da xunta directiva. E engade que o Consello Social ten xa presenza nos demais institutos creados pola institución. O reitor defende o beneficio da participación do Consello Social no Instituto, resumindo que contribuír a ampliar a investigación da UVigo é explicación dabondo. Engade que tamén a LOSU avanza na necesidade desa interlocución, polo que se declara "orgulloso" desa presenza do Consello Social. Mª Teresa Cendón suxire e posibilidade de que o Consello Social reciba información sobre o novo Pacto da Lingua, no que se está a traballar dende a Xunta para impulsar "con máis forza" o uso do galego, coa opción de invitar ao secretario xeral da Lingua a tal efecto.

- *Apróbanse por asentimento.*

PUNTO 6

Proposta de designación da representación do Consello Social no Campus Auga.

Lémbrase que no anterior Pleno deuse conta da comunicación do Campus Auga solicitando a designación dun representante no seu Consello Reitor, iniciando entón a procura dunha empresa representativa no tecido local ourensán, e vinculada ao sector da sostibilidade ou o medio ambiente. O obxectivo era achegar potencialidade, coñecemento e experiencia para aproveitamento do alumnado tanto a nivel formativo como investigador ou mesmo laboral, ademais de crear sinerxías entre a universidade e a empresa. Feitas as xestións precisas, proponse ao Grupo Valtalia para asumir esta representación, e agradéceselle a súa receptividade e aceptación.

- *Apróbanse por asentimento.*

PUNTO 7

Proposta de designación de membros da Comisión Económica do Consello Social.

Propón o presidente a ratificación do acordo de designación de Xosé Manuel Atanes como membro da Comisión Económica do Consello Social, quedando pendente de cobertura outra vacante por ampliarse o número de compoñentes dos sete actuais a oito para dar resposta á intensa actividade que está a desenvolver.

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 8

Proposta de aprobación da axuda do Consello Social a un programa da UVigo para discapacitados intelectuais.

Aclara o presidente que a pedimento da Vicerreitoría de Extensión Universitaria, valorouse e aprobouse na Comisión Executiva do Consello Social a posibilidade de contribuír a financiar un Programa universitario da UVigo para o emprego e a vida autónoma para persoas entre 18 e 30 anos cun 33% ou máis de discapacidade intelectual. A petición é excepcional, e así o acredita un informe solicitado ao Centro de Posgrao e Formación Permanente, xa que a impartición do segundo curso do título está en risco por quedar sen financiación externa de maneira imprevista, o que deixaría sen esta oportunidade de rematar a formación a 16 alumnos especiais que aproveitaron con éxito o primeiro curso. A Vicerreitoría negocia noutras instancias apoios para completar o orzamento necesario.

Neste punto intervén Juan José Santamaría para facer constar o seu apoio explícito á iniciativa para que o alumnado que principiou o *Programa para o emprego e a vida autónoma* o poida culminar. É Mª Teresa Cendón, quen se pronuncia expresamente a favor de que se empregue a expresión "persoas con discapacidade" en vez de "discapacitados", consonte recomendación da ONU plenamente asumida e que reivindica que a sociedade antepoña a persoa á discapacidade.

- ***Apróbase unha asignación de 10.000 €.***

PUNTO 9

Outros acordos. Axudas e calendario para novas titulación no curso 2026/2027.

O resto de asuntos tratados na Comisión Executiva (axudas económicas a EDUGAL e a unhas Xornadas sobre *Retos socioeconómicos e politización da xustiza)* recóllense nun resumo do que dispoñen os membros.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTOS 10, 11 e 12

Análise da evolución da conta de ingresos e gastos da UVigo previa ao peche do exercicio. Informe sobre as medidas adoptadas para a contención do gasto.

Informe sobre as causas do descenso de licitacións da UVigo.

Informe sobre a evolución económica das sociedades participadas pola UVigo.

Intervén Juan Manuel Vieites para deixar constancia de que "o espírito que nos guía é colaborar e ser útiles" ao servizo da xestión orzamentaria da UVigo, "en tempos delicados para a financiación das universidades, nos que todas a axudas son precisas". Resume de seguido os resultados dos informes e análises feitos pola comisión que preside, e que cualifica de "relevantes" con vistas a aprobar os orzamentos para 2025 e observar que se cumpren acordos previos que garantan a estabilidade orzamentaria, caso da contención do gasto, o uso razoable do "pouco" remanente de libre disposición existente ao peche de 2023, a actualización do inventario ou a programación económica plurianual. Nesta liña, agradece á xerente a implicación e resposta a todos os datos que se lle solicitan, entre eles e a maiores as causas da baixada de licitacións, o maior gasto en subministracións ou o baixo nivel na execución de infraestruturas. Tamén os orzamentos plurianuais das tres sociedades participadas, para coñecer a situación e os respectivos plans de futuro. Comenta así mesmo a petición de que as Normas de execución do vindeiro orzamento se remitan ao Consello Social antes de ser tramitadas en Consello de Goberno, a fin de poder emitir opinión previa.

Como conclusións principais da análise da evolución da conta de ingresos e gastos antes do peche do exercicio 2024, Juan Manuel Vieites afirma que "sorprende o enorme" superávit previsto no capítulo 1 de gastos, e espera que as previsións se cumpran na medida do posible. Explica que a Xerencia presentou unha gráfica sobre as xubilacións previstas para os próximos anos, na que se pretende indicar que o aforro por xubilacións pode favorecer ou minimizar este desaxuste. Afirma que se descoñece o custo da política de recursos humanos para os próximos exercicios co cal non se poden acadar conclusións neste punto, e solicita á Xerencia da UVigo que tome as medidas necesarias para intentar que se minimice este desfase.

Respecto dos ingresos, comenta que, á data do informe recibido, hai unha boa execución dos que, como é habitual, aínda está en parte pendente de cobro ata o peche do exercicio, e conclúe que, coa documentación dispoñible, pódese avanzar que os ingresos recoñecidos en agosto van a bo ritmo e que, a pesar dunha sobreestimación de custos indirectos, os intereses recibidos pola devolución do IVE e pola tesouraría depositada cobren dabondo este desfasamento.

No tocante á contención do gasto, describe as medidas presentadas pola Xerencia, extensibles á solución dos problemas como o do inventario. Tras estudar a análise da comisión, Juan Manuel Vieites afirma que se pode observar que a Xerencia está cumprindo co afirmado en xuntanzas anteriores, realizando un esforzo nas liñas máis importantes para a contención do gasto, e iniciando accións para a solución dos temas pendentes que preocupaban a esta comisión, como é o do inventario e a recadación dos saldos de dubidoso cobro. Neste punto reitera o agradecemento a Yolanda Lesmes e ofrece a súa colaboración e a da comisión na medida que o precise, para acadar o éxito nestas accións.

En canto ao informe sobre a actividade do servizo de contratación administrativa, o presidente da Comisión Económica comenta que se observa un descenso do 35,19% no número de licitacións tramitadas polo servizo, ademais de datos sobre a execución orzamentaria tramitada pola sección de contratación, porcentaxes e distribución entre tipos de licitacións, "se ben non se indican os motivos desta diminución". Propón solicitar de novo información respecto desta baixada no número de expedientes tramitados, co obxectivo de coñecer se este descenso elevado observado nas contas anuais dos últimos exercicios é derivado dunha menor necesidade de licitacións, de falta de recursos asignados ao servizo ou doutro motivo non indicado.

Xa no caso das sociedades participadas, informa que non se detectan incidencias reseñables respecto da execución e evolución dos orzamentos, e as previsións de peche, aínda que advirte sobre a situación de CUSA e as posibles consecuencias da demanda presentada pola empresa adxudicataria anterior, e a preocupación en caso de sentencia desfavorable polo que solicita á Xerencia da UVigo que expoña nos órganos de dirección da sociedade os diferentes escenarios para ter as posibles solucións económicas analizadas en caso de perder a demanda.

Juan José Santamaría pregunta que significa a sigla CIGUS na execución do orzamento de ingresos, considerando "rechamante" a alta porcentaxe de PDI maior de 50 anos de idade. Respecto das medidas de control do gasto da UVigo entende que, nun orde de prioridades, os recortes en PAS "non parecen admisibles" dende unha perspectiva laboral nin sindical, e poderían provocar confrontacións cos representantes sindicais. Declara neste punto o apoio á *Xerencia* polos esforzos que ven realizando para reducir o saldo de debedores de dubidoso cobro da UVigo, interesándose polos principais debedores e pola evolución de gastos como os de limpeza na UVigo.

En relación ao punto 11, Juan José Santamaría pregunta se está funcionando o Gabinete Psicopedagóxico na perspectiva académica e extra-académica das principais dificultades que afectan á xuventude.

Toma a palabra a xerente Yolanda Lesmes, para comentar e aclarar os datos recollidos nas diferentes táboas que figuran na documentación remitida aos membros, sobre o estado de execución do orzamento de ingresos e gastos, os ingresos estimados por prezos de matrícula, a evolución da execución do capítulo I e a proxección de xubilacións na UVigo no período 2019-2039.

Así mesmo presenta e reflexiona sobre as medidas de control do gasto propostas, afirmando que en ningún momento oriéntanse a recortes senón a racionalizar os gastos de persoal, e non para diminuír senón para intensificar a xustificación das contratacións. Xustifica a elevación do custe de persoal polo crecemento vexetativo e a incidencia dos complementos. Asume que a cifra irá medrando a futuro polas previsión de aumento das xubilacións, polo que -manifesta- "a remuda hai que ila previndo dende xa".

Sobre o Gabinete Psicopedagóxico puntualiza que se está a traballar nas cidades dos tres campus para a detección de casos que precisen atención, e que en decembro podería estar rematado o prego de prescricións para licitar o servizo para dar a cobertura necesaria. Na mesma liña, e na importancia do servizo dá a súa opinión tamén o reitor.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 13

Proposta de aprobación da creación e participación da UVigo na Spin off GAL4TIC.

Juan Manuel Vieites expón una síntese da proposta que se remite ao Pleno co informe favorable da Comisión Económica, na que, entre outros asuntos, recóllese a participación da UVigo na Spin Off, que se eleva ao 4%. Juan José Santamaría recomenda unha vez máis que as referencias legais se fagan con precisión. Así, no fai constar da vicerreitora de Investigación que obra na documentación remitida, ao mencionar a propiedade da UVigo dos contratos, cítanse os artigos 83 e 60 sen máis, "e non se aclara que se refiren aos contratos dos artigos 83 e 60, respectivamente, das leis Orgánicas de Universidades e do Sistema Universitario".

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 14

Outros acordos: Asignación de complementos a profesores. Convenios.

Introduce e informa o presidente da Comisión Económica os puntos referidos á asignación de complementos de recoñecemento a profesores, e aos convenios asinados pola UVigo en xuño, xullo e agosto, que chegan ao Pleno co pronunciamento favorable da comisión.

- *Apróbanse e ratifícanse os acordos da comisión.*

PUNTO 15

Acordos adoptados. Axudas concedidas, patrocinios e prezos públicos da UVigo.

Recóllese neste punto un resumo entregado aos membros, de todos os acordos adoptados na comisión, entre os que Ernesto Pedrosa salienta o estudo sobre a inserción laboral dos titulados de Doutoramento da UVigo, e un debate que está a organizar o Consello Social sobre a Selectividade cun panel internacional de expertos.

Juan José Santamaría interésase por saber se os organizadores do Encontro con profesionais do Dereito Concursal (a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo) compartiron e consultaron coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, por entender que a actividade formativa en cuestión interesa por igual ao alumnado de ambos centros. Engade que os expertos da reestruturación de empresas en concurso, na última reforma do texto refundido da Lei Concursal, de setembro de 2022, proceden dos administradores concursais co perfil preferentemente de economistas.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 16

Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o ano 2025, e da dotación económica correspondente.

Entregase como documentación as bases da convocatoria e a relación de axudas solicitadas en 2024 así como o gasto executado ata o momento polos centros participantes. O prazo para a presentación da candidatura do próximo exercicio rematará o 22 de xaneiro de 2025.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 17

Ratificación e aprobación definitiva das Bolsas-colaboración concedidas á UVigo para o curso 2024/2025. Resolución delegada no presidente.

Explicado o proceso de adxudicación e os criterios polos que se pondera e se adxudica, os membros dispoñen -como documentación complementaria- dunha desagregación dende o curso 2010/2011, tanto das bolsas solicitadas e concedidas por campus, como do número de bolsas concedidas polo Ministerio, total de departamentos solicitantes e bolsas solicitadas polo conxunto da UVigo.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 18

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo durante o mes de setembro de 2024.

- *O Pleno dáse por informado.*

PUNTO 19

Rogos e preguntas.

Xosé Manuel Atanes manifesta que se tratou o tema do galego en dous puntos da orde do día, e, despois de facerse públicos os datos "alarmantes" do IGE e das advertencias do Consello de Europa sobre a perda de falantes do noso idioma, pídelle á UVigo mais implicación na defensa do galego. "Son consciente da sensibilidade da Universidade neste tema, mais é necesaria unha discriminación positiva e efectiva con accións concretas para tratar de reverter a situación".

Mª Ángeles García subliña que, ante os últimos acontecementos tan graves acaecidos en determinadas organizacións políticas de esquerdas e protagonizados polos seus líderes, "non podemos amosarnos impasibles e é fundamental como sociedade e nós como membros do Consello Social da Universidade de Vigo reflectir o noso rexeitamento ante estas situacións de violencia de xénero, e dar pasos ao respecto de cara a erradicar todas aquelas accións e conductas contra as mulleres". Lembra que o próximo novembro será o mes contra a violencia de xénero e pide que o Consello Social non queda á marxe , e que en próximas convocatorias "poidamos coñecer polo miúdo a labor que está a levar a cabo a Universidade de Vigo", os proxectos, traballos e as conclusións con respecto a violencia de xénero que se fixeron nestes dous últimos anos, no presente 2024 e os que teñen previsto levar a cabo.

Antonio Martiño propón contar co Colexio Oficial de Enfermaría correspondente para colaborar na elaboración dunha proposta conxunta dos novos títulos académicos que se pretenden implantar. Entende que sería oportuno contactar, en concreto, co Colexio Oficial de Enfermaría de Pontevedra. Resposta o reitor amosando a súa receptividade á recomendación e -en xeral- a abrir interlocucións con todas as partes implicadas no proceso.

Jesús Graña fai dous rogos: o primeiro á presidencia para que cando se expoñan asuntos orzamentarios -sobre todo nos referidos ao capítulo I- non se mesturen cuestións da masa salarial, por canto o Consello Social non foi informado sobre este tema e polo tanto nada ten aprobado. Non esquezamos que somos unha administración pública e está supeditada á *Ley General Presupuestaria*. Engade que o Consello Social aprobou o orzamento equilibrado sen déficit nin débeda, con asignacións orzamentarias en cada un dos capítulos, coas características propias de cada un deles, e de xeito especial para os compromisos adquiridos no capítulo I, gastos de persoal.

No segundo rogo á presidencia, Graña solicita que a tramitación dos convenios -e de xeito especial os que teñen obrigas económicas en toda a tramitación- se leve a cabo nun rexistro específico e único da Secretaría Xeral, xa que é quen garante a tramitación legal e quen certifica a súa autenticidade.

Juan José Santamaría, en relación ao informe do presidente, indica que non é votable, e que Ernesto Pedrosa deu conta da relación de representantes do Consello Social na UVigo, e que tal relación -que figura na documentación da sesión- non está incluída en ningún punto da Orde da convocatoria correspondente, polo que entende que non foi aprobado aínda, amosando a súa intención de "esgotar a vía administrativa en impugnación do mesmo".

Ao reitor pregúntalle Juan José Santamaría se se sabe algo da solicitude de recoñecemento pola Axencia Tributaria, en relación ao Máster de Comercio Internacional da Facultade de Comercio?, despois de que o centro xa remitise á Reitoría a documentación necesaria para tal fin en decembro de 2021. Interesa tamén coñecer como van as obras en Toralla. Transmite tamén a preocupación respecto das indemnizacións por despido de persoal vinculado a proxectos de investigación, "por máis que o problema se remonte anos atrás".

Finalmente diríxese ao presidente do Consello Social para expresar que, ante a crecente preocupación pola financiación das universidades públicas, "un dos nortes e guías dos Consellos Sociais segue a ser precisamente contribuír a esa financiación, e paradoxalmente son eles os dotados polas autoridades académicas". Suxire que se volvan a realizar actividades favorables ao mecenado e, sobre todo, coa intención de elaborar melloras á *Ley 49/2002, de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos* -incluídas as universidades- *y de los incentivos fiscales al mecenazgo*.

Participa o reitor distintas reflexións e repostas sobre os asuntos tratados, entre eles e de xeito resumido: sobre a situación económica afirma que está baixo control, tomando medidas e acomodando as necesidades ás posibilidades de financiamento. Admite preocupación polas indemnizacións e entende que se están a pagar

políticas que non ían desencamiñadas no seu momento, pero que ao cambiar a lei repercuten no capítulo I e convértense en atrancos. Prevé, con todo, o peche do exercicio en positivo.

Respecto ao financiamento informa das boas perspectivas que proveñen das reunións coa Xunta de Galicia sobre os plans plurianuais, e a posibilidade de que sexa das primeiras comunidades autónomas en chegar ao 1% do PIB para a educación superior, como se recolle na LOSU, co cal "quedarían arranxados" gran parte dos problemas de financiamento.

Sobre o galego subliña que se está a traballar en tres liñas principais, como son a maior dotación para fomentar o galego na docencia; avance das titulacións impartidas en galego, con dúas con máis do 80%; e campaña de neofalantismo para promover o emprego do galego entre os que veñen de fóra. No tocante a Igualdade, declárase a favor de que a Unidade da UVigo dea a coñecer ante o Pleno, o moito en vangarda que está a facer.

Respecto do Instituto da Lingua agradece á presenza do Consello Social, e valora a importancia de que os investigadores estean xuntos. Así mesmo comunica que pedirá información sobre a situación do Máster de Comercio Internacional e anuncia que a UVigo será a encargada de organizar a próxima convocatoria da masiva entrega de diplomas ao estudantado galego coas mellores notas da ABAU.

ANEXO I (Juan José Santamaría)

- "Sobre el Acta aprobada, informo que hice entrega al Sr. secretario del original de la Nota Simple del Registro de la Propiedad, de 08.11.2021, de la Finca de la actual Facultad de Filología, Traducción e Interpretación. Según dicha Nota tal finca es bien patrimonial de pleno dominio de la *Universidade de Vigo,* adquirida mediante compraventa otorgada el 26 de abril de 1990 (Inscripción 3ª. Tomo: 969, Libro: 447. Folio: 200, Fecha: 18.05.1990), lo cual no parece posible ya que el primer Rector, Prf. Espada fue nombrado como tal por Decreto 176/1989 y, en aquella altura, la UVigo carecía de medios económicos para tal adquisición de la finca que fue del *Colexio Universitario de Vigo,* obra social de la Caja de Ahorros de Vigo. Con posterioridad, lo que sí hizo el Sr. Rector, Docampo, fue inscribir tal finca a favor de la Universidad, según la Inscripción 4ª, Tomo: 2.154, Libro 1.096, Folio: 90 y fecha: 09.11.2001.

Apunto estos datos para que la Universidad, que está en fase de acopio de documentación para el Inventario de Bienes de la misma, según recomendación de los auditores de sus Cuentas Anuales, se realice tal Inventario tanto cuantitativamente como cualitativamente. En tal finca del que fue el CUVI (*Colexio Universitario de Vigo*) también figura la Residencia de Estudiantes y el Centro Comercial de *Cidade Universitaria, S. A.* y, en algún momento, habrá que corregir tales inexactitudes registrales, las cuales se vienen sucediendo equipo rectoral tras equipo rectoral desde entonces hasta el día de hoy.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 28 de outubro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr., O presidente do Consello Social,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

NOMBRE PEDROSA SILVA ERNESTO - NIF 35281680W
Firmado digitalmente por NOMBRE PEDROSA SILVA ERNESTO - NIF 35281680W
Fecha: 2024.12.30 10:54:18 +01'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2024.12.30 11:43:10 +01'00'